

**Resolución do 7 de marzo de 2023, do Tribunal de selección nomeado para a cobertura dun posto de Dirección Técnica de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A. convocado por anuncio publicado no DOG N° 16, do 24 de xaneiro de 2023**

Na sesión que tivo lugar o día 6 de marzo de 2023, o Tribunal nomeado pola Resolución do 9 de febreiro de 2023, pola que se establece a composición do tribunal de selección para a cobertura do posto de Dirección Técnica de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A., e se procede ao nomeamento dos seus membros, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, e tendo en conta que, segundo o establecido na base 8.1., será necesaria a obtención dun mínimo de 25 puntos para superar a primeira fase do proceso selectivo, e tendo en conta a reclamación presentada á relación provisional

**ACORDOU:**

**Primeiro.-** Rexeitar a reclamación formulada polo aspirante Javier Santos Fernández Fraga fronte á puntuación provisional que se lle outorgou na primeira fase do proceso selectivo.

**Segundo.-** Publicar a relación definitiva coa puntuación obtida polos aspirantes admitidos na 1ª fase do procedemento selectivo, contida no Anexo da presente resolución, na web da Sociedade de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA. e no taboleiro de anuncios da citada entidade.

**Terceiro.-** Convocar a unha entrevista persoal ao aspirante que superou a primeira fase do proceso selectivo na sede da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Edificio CINC, Cidade da Cultura – Monte Gaiás, s/n, Santiago de Compostela), o día 9 de marzo de 2023, á seguinte hora:

- Ás 14:30 horas: Joaquín Sánchez Rodríguez

O candidato deberá presentarse á proba provisto de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2023

O presidente do Tribunal

Jose Luis Somoza Digón



ANEXO I

PUNTUACIÓN DEFINITIVA DA 1ª FASE

**Ano da convocatoria:** 2023

**Nome da convocatoria:** Dirección Técnica de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A.

**Publicación da anuncio da convocatoria:** Diario Oficial de Galicia n.º 16, do 24 de xaneiro de 2023

**Data do listado:** 7 de marzo de 2023

APELIDOS	NOME	NIF	PUNTUACIÓN
Sánchez Rodríguez	Joaquín	*****185*	8.1.1a - 30 puntos
			8.1.1b – 8 puntos
			TOTAL 1ª FASE: 38 puntos

APELIDOS	NOME	NIF	PUNTUACIÓN
Fernández Fraga	Javier Santos	*****327	8.1.1a - 0 puntos
			8.1.1b – 0 puntos
			TOTAL 1ª FASE: 0 puntos

(\*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade, para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos.

